

CTO. GALEGO DE NATACIÓN ALEVÍN DE INVERNO XUNTA DE GALICIA

Tempada 2024/25. Circular 24-18.

1. Organización, data e sede

1. Celebrarase a nivel autonómico en dúas xornadas cunha dobre sesión cada unha.
2. As datas e lugar de celebración serán as establecidas no calendario de natación.
3. As sesións de mañá comezarán ás 10:00 horas e as da tarde ás 17:00 horas.
 - a) A hora de inicio poderá ser modificada en función das inscricións finais a criterio da Comisión Técnica.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes dúas horas antes do comezo de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día anterior ao campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao club organizador. Os nadadores teñen dereito a quentar até 15 minutos antes do comezo da sesión.
5. Haberá quendas rotativas de quecemento durante as diferentes sesións se fora necesario.

2. Programa de probas

Sábado Mañá: Sesión 1	Domingo Mañá: Sesión 3
1. 100 m Estilos Masculino. 2. 100 m Libre Feminino. 3. 200 m Braza Masculino. 4. 200 m Braza Feminino. 5. 100 m Costas Masculino. 6. 100 m Costas Feminino. 7. 50 m Mariposa Masculino. 8. 50 m Mariposa Feminino. 9. 800 m Libre Masculino. 10. 4 x 200 m Libre Femenino.	21. 200 m Libre Feminino. 22. 400 m Libre Masculino. 23. 200 m Costas Feminino. 24. 200 m Costas Masculino. 25. 100 m Bolboreta Feminino. 26. 100 m Bolboreta Masculino. 27. 50 m Libre Feminino. 28. 50 m Libre Masculino. 29. 400 m Estilos Feminino. 30. 200 m Estilos Masculino. 31. 4 x 100 m Libre Feminino. 32. 4 x 100 m Libre Masculino.
Sábado Tarde: Sesión 2	Domingo Tarde: Sesión 4
11. 100 m Estilos Feminino. 12. 100 m Libre Masculino. 13. 50 m Costas Feminino. 14. 50 m Costas Masculino. 15. 200 m Bolboreta Feminino. 16. 200 m Bolboreta Masculino. 17. 100 m Braza Feminino. 18. 100 m Braza Masculino. 19. 800 m Libre Feminino. 20. 4 x 200 m Libre Masculino.	33. 50 m Braza Masculino. 34. 50 m Braza Feminino. 35. 400 m Estilos Masculino. 36. 200 m Estilos Feminino. 37. 200 m Libre Masculino. 38. 400 m Libre Feminino. 39. 4 x 100 m Estilos Masculino. 40. 4 x 100 m Estilos Feminino.

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Masculino. Nacidos nos anos 2013 e 2012.
 - b) Feminino. Nacidas nos anos 2013 e 2012.
2. A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas neste regulamento e que teñan acreditada a marca mínima na primeira inscrición.
3. Cada nadador poderá participar nun máximo de catro probas individuais e todas as remudas.
4. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visuais só poderán participar nas probas indicadas no anexo I.
5. Poderán inscribirse os nadadores cunha mínima B pero con marca oficial na segunda inscrición, até completar o seguinte número de series por proba:
 - a) 800 m tres series.
 - b) 400 m cinco series.
 - c) 200 m seis series.
 - d) 50 e 100 m sete series.
6. Mínimas B. +1" en 50 m, +2" en 100 m, + 4 " en 200 m, + 8" en 400 m e +16" en 800 m.
7. Non hai limitación no número de nadadores por club e proba.
8. Cada club poderá inscribir un único equipo de remudas por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima, ben sumando os tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou ben se realice nunha remuda con nadadores incluídos nas categorías de referencia.
9. O nadador que non se presente nunha proba para a que estea inscrito non poderá participar en ningunha outra na mesma sesión, segundo as normas do Art 9 do libro IV do Regulamento Xeral de o FEGAN.
10. Admitiranse baixas e composicións de remudas até 60 minutos antes do inicio de cada sesión.

4. Inscricións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscrición e remitirase á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera. Xunto co dito rexistro, enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.
2. A primeira inscrición para o campionato deberá ser recibida pola FEGAN 15 días antes do comezo da competición, sendo responsabilidade do club que se inscriba a súa recepción pola FEGAN.
3. A lista provisional de participantes publicárase 5 días despois. A partir desa data comezará un segundo prazo de inscrición até 2 días despois.
4. Os nadadores que participen só en remudas deberán inscribirse na proba extra que se creará nas inscricións do campionato para tal efecto (normalmente 25 libre mixto).
5. Os nadadores con discapacidade inscribíranse segundo o anexo II deste regulamento.

5. Fórmula de competición

1. Todas as probas realizaranse contra o reloxo.

2. Os criterios de puntuación serán os seguintes:

- a) Só se terán en conta para puntuar en cada proba individual un máximo de dous nadadores por club, independentemente dos que participen. Os clasificados posteriormente non serán puntuados, e concederáse o dereito a puntuar ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club.
- b) Puntuarán os 16 primeiros clasificados en cada proba individual/remudas.
- c) A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- d) A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

3. Os récords batidos ou igualados na competición individual, independentemente do posto, terán a puntuación extra que se indica a continuación:

- a) Mellor Marca Galega: 3 puntos.
- b) Mellor Marca Nacional: 6 puntos.

4. Estas puntuacións extra non se acumulan entre si na mesma proba, prevalecendo sempre a de maior puntuación.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:

- a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina. O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego Alevín de Inverno.

7. Títulos e premios

1. Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados de cada proba por idade e sexo.
2. Medalla para os tres primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo os criterios recollidos no regulamento do Comité Internacional de Natación Paralímpica (IPC Swimming). (Pódese descargar o regulamento na sección de circulares da FEGAN).
3. Trofeos para os clubs campións en cada unha das clasificacións sinaladas neste regulamento (Punto 6).

8. Marcas Mínimas

1. Serán as sinaladas na circular de marcas mínimas desta tempada para as categorías referidas a este campionato.
2. Teranse en conta as marcas obtidas entre o 1 de outubro de 2023 e o 12 xaneiro 2025.

9. Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1-S13	S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S13	S2-S9 S11-S13	S2-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S3-S13

10. Anexo II

1. A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determine a clase na que se clasifican para cada estilo. Se non dispón do impreso expedido polo FEDDF, deberá obtelo no seguinte centro:

FIMEGA (Dr. Carlos Alonso Hernández)

Avda Eduardo Pondal, 68 baixo (a 200 m da Estación de Autobuses e Tren)

Pontevedra

Teléfono: 986868544

É necesario solicitar cita, especificando que é para unha valoración funcional para a Federación Galega de Natación.

O custo da avaliación correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación, aconséllase levar os informes de lesións, se están dispoñibles.

2. As marcas de inscrición deberán terse obtidas en competicións oficiais, ben no calendario FEDDF ou FEGAN.

3. Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN nas que participen, serán aplicadas polos Xuíces e Árbitros da competición as recomendacións contempladas no Manual de Árbitros de Natación (CNA) no apartado No 18 Nadadores con Discapacidade.

4. No momento de tramitar a licenza de deportista, hai que sinalar que se trata dun nadador con discapacidade.

A Coruña, xullo 2024.